



PRESENTACIÓN DO LIBRO

CANDO JOHN LENNON COÑECEU A VALLE-INCLÁN

BEATRIZ MACEDA ABELEIRA

VENRES, 21 DE SETEMBRO DE 2018 - 20:30 horas

Casa da Cultura de Vilalba

PRESENTACIÓN DO LIBRO

**CANDO JOHN LENNON
COÑECEU A VALLE-INCLÁN**

Beatriz Maceda Abeleira

VENRES, 21 DE SETEMBRO DE 2018 -20:30 HORAS
CASA DA CULTURA DE VILALBA

Intervieñen:
Beatriz Maceda Abeleira
Carmen Ollero Novo
Marisa Barreiro

IESCHA
Editorial Trifolium
Colección Nemo

Concello de Vilalba

O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o vindeiro venres, **21 de setembro de 2018**, ás **20:30 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, a presentación do libro **CANDO JOHN LENNON COÑECEU A VALLE-INCLÁN** de **BEATRIZ MACEDA ABELEIRA**, publicado pola Editorial Trifolium, na colección Nemo.

No acto intervirán: a propia autora do libro, **Beatriz Maceda Abeleira**; **Carmen Ollero Novo**, Técnica de Promoción e Xestión de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, e a presidenta do Iescha, **Marisa Barreiro**.

“A profesora e escritora coruñesa **Beatriz Maceda Abeleira**, estrea unha nova colección na *Editorial Trifolium* que, baixo o epígrafe de *Nemo*, acolle o que é o primeiro libro integrado nunha serie orientada a un público xuvenil. Sendo así, con todo, Maceda consegue unha obra que me atrevería a situar dentro desa narrativa de fronteira, apta para quen queira gozar dunha boa e sólida historia. Nela formúlase unha hipótese máxica que se sitúa, en canto ao tempo histórico, aos cinco meses despois do asasinato de John Lennon, pero ademais trázase unha liña transversal que une dúas épocas, sempre a través dun bisneto ficticio de Valle Inclán, como son as que lle tocou vivir ao seu bisavó -os días turbulentos que reflectiron as voces da xeración do 98- e a explosión creativa que chegou nos anos oitenta do pasado século.

En boa medida, esta proposta encaixa, nas chamadas novelas de aprendizaxe pois nestas páxinas o bisneto deixa a adolescencia e asómase, así, a un mundo de adultos onde non é menor a relevancia que ocupa a necesaria descuberta dalgúns enigmas de carácter familiar e persoal que debe solventar por si mesmo para entender a vida doutro xeito.

Un ano despois do 150 aniversario da morte de Valle Inclán, Maceda homenaxea, desde a ficción, a figura de Valle Inclán que en parte se reconstrúe neste libro: algo patente desde a súa estrutura, que evoca as sonatas, pasando pola presenza recorrente da sombra que proxecta *Luces de bohemia* ou a idea central que para en todo o libro de entender o teatro como un elemento valioso para a propia vida e para o espírito crítico. A isto, súmase a relevancia depositada na lectura e nos libros, de mans dadas co mundo da imaxinación que conduce á presenza do fantástico, que latexa por veces a través dos espellos cóncavos e convexos, tanto nun pazo arousán como no rueiro do Gato madrileño, malia que ás veces só estea na mente do protagonista porque, en efecto, non sempre todo é o que parece e, no fondo, todos temos moitas máscaras de ficción coas que andamos polo mundo. Sen abouzar, con tento e fortuna, a autora espella aquí e acolá diversos focos de indubidable interese narrativo que se encerran nunha proposta solvente á que lle desexo feliz andaina.

(<https://cadernodacritica.wordpress.com/2017/08/17/cando-john-lennon-coneceu-a-valle-inclan-por-beatriz-maceda-abeleira/>)

(Esta recensión publicouse nas páxinas do suplemento *Fugas*, de *La Voz de Galicia*, o 11 de agosto de 2017.)